

# Área de Igualdade da Deputación Provincial




## **“8M, Mes a Mes”**


Dende a Área de Igualdade da Deputación Provincial, e continuando co programa “8M, Mes a Mes” queremos poñer en valor e visibilizar a figura das auxiliares de axuda no fogar e a labor esencial que realizan para os nosos maiores e persoas con discapacidade. Deste xeito, buscamos dar visibilidade ao tráxico e frío asasinato de Teresa de Jesús Rodríguez González, auxiliar de axuda no fogar no concello do Porriño, Pontevedra, que foi agredida por un usuario ao que prestaba servizo.


En primeiro lugar, debemos coñecer en que consiste o traballo e funcións destas auxiliares que integran o SAF. O SAF (Servizo de Axuda no Fogar), é un servizo que ofrece apoio e acompañamento ás familias, especialmente a aquelas con menores ou persoas con discapacidades, así como, persoas maiores, para axudarlles no seus coidados e que poidan desenvolverse no día a día cun apoio no fogar. Para poñer nome e cara a esta figura participan nesta edición do “8M, Mes a Mes” as auxiliares de axuda no fogar do Concello de A Bola. O lema seleccionado foi: As guardianas invisibles do benestar

A xestión do SAF de A Bola, levada a cabo por Lucía Plaza e Paula Blanco, ambas traballadoras sociais, indícanos que son moitas as tarefas e servizos que realizan as traballadoras do SAF. Dende suministrar a medicación necesaria e solicitar citas médicas, a labores de hixiene ou cociñar. Funcións necesarias no día a día, que aumentan a súa importancia nas persoas que viven solas ou que precisan unha axuda extra. A Deputada de Igualdade Teresa Barge engadiu: “A labor das auxiliares de axuda no fogar é, sen dúbida, un dos pilares máis fundamentais e a miúdo subestimados do noso sistema de benestar social. Son profesionais que estenden unha man vital a quen máis o precisa, permitindo que persoas maiores, dependentes ou con diversidade funcional poidan permanecer nos seus fogares, no seu entorno familiar, coa dignidade e calidade de vida que merecen. O seu traballo vai moito máis alá de tarefas asistenciales. Son confidentes, compañía i, en ocasións, o único vínculo co mundo exterior para moitos usuarios.”

Contacto: 628 10 57 01 (Paula Blanco)







#igualOuU